


"Cantiga do mazarico". Ed. Espiral Maior



Álbum que ilustra o poema "Cantigas do mazarico" de Emilio Pita, do seu libro Cantigas de nenos, primeiro poemario infantil da literatura galega.

"Parece unha rosa". Ed. Espiral Maior


Álbum que ilustra a primeira parte do poema "Vente, rapasa" de Rosalía de Castro, do seu libro Cantares galegos. Primeiro reproducíense todos os versos; logo, recóllese cada unha das estrofas e ilústrase a dobre páxina.




"Poemas con piruleta". Ed. Galaxia

As notas do solfexo, as cores e o mundo, a estación do tren, as árbores froiteiras, a

maxia das vogais, as crías de animais contadas en orde descendente... son algúns dos eixos temáticos do conxunto de dez poemas de ritmo áxil que recolle este libro.



"Dona e Don". Ed. Árbore Galaxia



Con amabilidade e simpatía, a maneira de alegres cancións, aparecen unha serie de animais e cousas do mundo próximo ao posible receptor infantil. Todos eles son tratados coa cortesía do Don e Dona porque aparecen humanizados.

"Do A ao Z con... Rosalía". Ed. Everets

Conxunto de poemas que, seguindo unha orde alfabética, recolle palabras chave de Rosalía de Castro para facelas revivir en versos novos. O Aire miudiño e calmo; a Barca miúda, soíña e pequena; os Cantares do



mar e dos campos...

"Roseira do teu mencer". Ed. Xerais



Conxunto de poemas escritos polo autor cando a súa primeira filla cumpriu un ano. Celebran a chegada da rapaza, Colórín, no seu mencer, nos seus primeiros meses, como unha roseira que se meteu pola porta a xeito de cantiga leda.



COLEXIO RURAL AGRUPADO DE RIBADUMIA

Estimadas familias:

Chega a Pascua, e con ela os agasallos dos padriños, os ovos de chocolate, a rosca... desde a biblioteca escolar propoñémosvos aderezar todo isto con poesía. Verso a verso descubriredes o ritmo e a musicalidade das palabras. Aquí vos deixamos esta guía coas nosas recomendacións onde todos, os padriños e os que aínda non o son que se animen nestes días a agasallar rosca con poesía, atoparán suxestións para todos os gustos.

"Sopra neste furadiño". Edicións




Embora

Un libro que che vai deixar sen alento, polo moito que vas ter que soprar, e onde se conxuga o lírico co lúdico.


"Farrapos de nube". Ed. Baía

As raiolas, o río, o mar, a chuvia, a neve, a néboa, a natureza, a praia, a praza, os farois, os globos, os cabalos, o avó e a paz son os temas deste conxunto de catorce poemas.



"Garagotes". Ed. Ajonjoli

Menú poético composto por uns breves pero




exquisitos "Entreversos variados", un succulento "Pote de personaxes", un "Néctar de anécdotas" en grao sumo saboroso e, para rematar, unha variada "Fauna descafaunada" para amenizar a sobremesa.

iBo aproveito!


"O pirata Metepata". Ed. Baía

Un barco con velas de flanela, temón de algodón, mastro de alabastro e remos de cartón marchou para o mar dos golfiños. Mais encallou nas rochas de algodón cun golpe de vento.




"La hora de los relojes". Ed. Kalandraka

O tempo cronolóxico é o fío condutor das trinta e tres composicións poéticas deste libro: creacións breves cheas de metáforas e figuras literarias que desprenden sonoridade, enxeño e sentido do humor.




"Tras, tras, cucutrás". Editorial Kalandraka.



Os 28 poemas de "Tras, tras, cucutrás" son a materialización sonora e literaria da diversión. Letras e sílabas agrúpanse nunha simpática compañía para dar lugar a imaxes surrealistas.


"O año pitaño". Ed. PAI-música



Doce poemas de seis poetas contemporáneos e un CD con 12 cancións e mailos playbacks e unha pista interactiva con arquivos imprimibles.

"Poema de olores". Ed. Everest

Os cheiros das cousas, agradables ou desagradables, axúdanos a lembrar. Un nenno cóntanos todo o que o seu nariz soporta ao longo do día.



"Almanaque musical". Ed. Kalandraka

Álbum composto por doce ilustracións, unha para cada mes do ano, nas que unha banda de música clásica toca sen parar desde xaneiro ata decembro. Doce poemas deliciosos que acompañan ao lector durante a primavera, o verán, o outono e o inverno.

